

I concurso de fotografía dixital

Festas de Bouzas

INSCRIPCIÓN

Poden participar todas aquelas persoas maiores de 14 anos que formalicen a súa inscrición o **sábado 20 de xullo de 2013** na Alameda de Bouzas, entre as 18:30 e 21:00 horas, co pagamento dunha **cuota de 7 euros**.

Os participantes recibirán unha tarxeta de concursante numerada, que deberán conservar ata o día da entrega de premios.

Para facilitar a organización, os interesados poden facer unha preinscrición por email na seguinte dirección:

cofradia@viladebouzas.com

Indicando os seguintes datos:

Nome e apelidos / DNI / Teléfono / email de contacto

INICIO E FIN DO CONCURSO

Os concursantes poden comezar a facer as súas fotos a partir do **venres 19 de xullo**, coincidindo coa lectura do pregón e o arranque da festa.

A duración do concurso será ata as 04:30 horas da madrugada do luns 22 de xullo, coincidindo co remate do día grande do Cristo de Bouzas.

TEMÁTICA DO CONCURSO

A temática do concurso será: **Bouzas e a súa festa**.

Os participantes deberán mergullarse na festa e entregar unha

serie fotográfica composta por un mínimo de 2 e un máximo de 4 fotos, cada unha co seu título.

ASPECTOS TÉCNICOS

As fotografías deberán entregarse en formato JPEG, modo de cor RGB e cunha resolución que permite obter un tamaño de foto entre 1 e 3 Mb.

PREMIOS

- 400 € á mellor serie fotográfica.
- 200 € á 2ª mellor serie fotográfica.
- 1 Accésit de 100 euros.

O xurado poderá establecer algún accésit adicional se o considera oportuno.

ENTREGA DAS FOTOS

Os participantes deberán enviar as fotos á seguinte dirección de correo electrónico:

fotosfestasbouzas@gmail.com

Tendo de prazo ata as 16:00 horas do luns 22 de xullo.

Importante: normas de entrega

Nomear as fotos seguindo esta regra: (Nº conc.)-(A, B, C, ou D)-Título

Ex: nº concursante 015, 2 fotos:

015-A-Título A / 015-B-Título B

Indicar no **asunto** o **nº** e o **nome do concursante**, ademais do **nº de fotos** presentadas a concurso (2, 3 ou 4).

XURADO

O xurado estará composto por un membro da Comisión de Festas de Bouzas, con voz pero sen voto, e 3 persoas relacionadas co mundo da fotografía e da cultura.

O veredicto do xurado será inapelable.

ENTREGA DE PREMIOS

A entrega de premios realizarase no escenario do Paseo Valentín Paz-Andrade, o martes 23 de xullo ás 22:00 horas.

NORMAS DO CONCURSO

Os participantes responsabilizaranse de ser os únicos autores das fotos e de calquer posible reclamación polos dereitos de imaxen feita por terceiros.

As obras gañadoras quedarán en propiedade da Comisión de Festas de Bouzas, entidade organizadora do concurso. Os participantes cederán exclusiva e irrevogablemente os dereitos de reprodución das series fotográficas nas publicacións de carácter institucional que a Comisión de Festas de Bouzas considere oportunas para a difusión da festa e dos seus fins.

A participación no concurso implica a aceptación destas bases

RESUMEN FESTAS BOUZAS 2013 - Do 19 ó 23 de xullo

- **Pregón** o venres 19 de xullo ás 21:15 horas na igrexa de Bouzas.
- **Regata** faluchos. Sábado 20 de xullo ás 17:00 horas na praia.
- **Recinto feiral** con máis de 50.000 metros cadrados e todo tipo de atraccións, tómbolas, casetas. Tódolos días de 19:00 horas ata peche de festa.
- **Saída da procesión** do Stmo. Cristo dos Aflixidos no adro da Igrexa e percorrido polas vellas rúas de Bouzas o domingo 21, a partir das 21:00 horas.
- **Festival Poético Piro Musical** Cidade de Vigo-Vila de Bouzas o domingo 21 ás 23:00 horas con asistencia de máis de 25.000 persoas espalladas polo adro, paseo e praia de Bouzas.
- **Alameda de Bouzas**, tódalas tardes animación infantil.
- **Orquestras** na explanada do adro e na Pérgola. Tódolos días a partir das 20:00 horas ata fin de festa.
- **Banda de música** na Alameda de Bouzas. Tódolos días en sesión de mañá, tarde e noite.
- **Concertos de rock** na praia, no paseo Valentín Paz Andrade, tódalas noites a partir das 23:00 horas.

Máis info en: www.viladebouzas.com

FICHA DE INSCRIPCIÓN (a cubrir polo concursante)

Nome e apelidos: _____

D.N.I.: _____

Telf: _____

email : _____

SINATURA

NUM. CONCURSANTE
(a cubrir pola organización)

DISPARA A TÚA IMAXINACIÓN NAS FESTAS DE BOUZAS

DO 19 Ó 23 DE XULLO DE 2013
CONSULTA AS BASES



I concurso de fotografía dixital

Festas de Bouzas



ORGANIZA COMISIÓN DE
FESTAS DE BOUZAS
www.viladebouzas.com